

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sustentados con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2012-2013.*

O Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu título V os criterios de admisión nos ciclos formativos de graos medio e superior de formación profesional inicial.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, regula nos seus capítulos IX e X o acceso, a admisión e a matrícula nos ciclos formativos de grao medio e de grao superior.

A Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sustentados con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas, na súa disposición derradeira primeira autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as normas precisas para o seu desenvolvemento, así como para fixar prazos diferentes aos previstos nesta orde para a admisión de solicitudes e para a formalización de matrícula.

Así mesmo, a Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial, regula nos seus artigos 5, 6 e 7 a admisión para esas modalidades, e na súa disposición derradeira primeira autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas precisas para a súa execución.

A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial

regula no seu capítulo IV as solicitudes de convocatorias extraordinarias, e na súa disposición derradeira primeira autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas precisas para a súa execución.

Na súa virtude, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

##### *Primeiro. Prazo de presentación de solicitudes de admisión e documentación*

1. Con independencia do réxime solicitado, ordinario ou de persoas adultas, e consono o disposto na Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sustentados con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas, os prazos de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2012-2013 serán os seguintes:

- a) O prazo ordinario será do 18 de xuño ao 2 de xullo, ambos os dous incluídos.
- b) O prazo extraordinario abranguerá desde o día 3 ao 12 de setembro, ambos os dous incluídos.

2. A documentación que cumprirá presentar será a establecida no artigo 12 da devandita orde, para ciclos formativos polo réxime ordinario, e no artigo 13, para módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas na modalidade presencial, e a establecida no artigo 5 da Orde do 5 de novembro de 2010, para módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas na modalidade a distancia ou semipresencial.

Á documentación achegaráselle o formulario complementario establecido no anexo I A) desta resolución, nos casos de acceso ao réxime de persoas adultas e de acceso aos ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario.

Con todo, cando os estudos se realizaran en centros sustentados con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanzas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, non cumprirá a achega da documentación relativa aos requisitos de acceso, agás naqueles casos en que a Administración educativa así o demande.

3. Con independencia dos requisitos xerais de acceso e de acordo coa disposición adicional segunda da citada Orde do 5 de xuño de 2007 e o artigo 31 da Orde do 23 de abril

de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, a admisión ao ciclo formativo de grao medio de mergullo a media profundidade requirirá ter dezoito anos cumpridos no momento de presentación da solicitude, así como superar unha serie de probas físicas en instalacións en terra e en piscina, un exame médico, unha avaliación psicolóxica de aptitude para o mergullo profesional e unha proba de compresión e tolerancia ao osíxeno hiperbárico.

Dado que por motivos de seguranza ou saúde a admisión neste ciclo formativo está ligada á superación de probas de carácter psicofísico, só se terán en conta as solicitudes presentadas nos centros que impartan estas ensinanzas.

Para a realización das devanditas probas as persoas aspirantes deberán achegar un certificado médico vixente no momento de presentación da solicitude.

*Segundo. Procedemento de admisión e matrícula no período ordinario polo réxime ordinario*

1. As secretarías dos centros, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos de graos medio e superior, cargarán os datos de inscrición para o primeiro curso na aplicación informática Ciclosadmission, facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

A formalización dos datos na aplicación informática realizarase desde o 18 de xuño ata as 14.00 horas do día 2 de xullo.

2. Os centros que reciban solicitudes de alumnado que acceda con titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español deben formalizar os datos na aplicación informática, agás a puntuación outorgada polo expediente académico, que lle corresponde á Subdirección Xeral de Formación Profesional. Para tales efectos o centro, que será o encargado de gardar a documentación orixinal e de velar por ela, procederá á remisión inmediata como determine a Subdirección Xeral de Formación Profesional do expediente académico expedido no estranxeiro, así como da documentación xustificativa dos requisitos académicos (artigos 22 e 12 da Orde do 5 de xuño de 2007, respectivamente).

O prazo para a súa recepción na Subdirección Xeral de Formación Profesional finalizará o día 3 de xullo.

3. Nos centros que reciban solicitudes de alumnado que acredite algún tipo de discapacidade, o xefe ou a xefa do departamento de orientación realizará un ditame de escolari-

zación para o que contará, de ser necesario, coa axuda do equipo de orientación específico da provincia correspondente. Neste ditame, cuxa finalidade é a de proporcionar unha orientación específica ao alumnado, incluírase a proposta razoada de escolarización en función das necesidades do alumno ou a alumna que, en consecuencia, poderá modificar a súa solicitude.

O centro enviará polo trámite de urxencia como determine a Subdirección Xeral de Formación Profesional a solicitude do alumno ou a alumna, e a documentación a que fai referencia a alínea e) do artigo 12 da Orde do 5 de xuño do 2007.

O prazo para a súa recepción na Subdirección Xeral de Formación Profesional finalizará o día 3 de xullo ás 14.00 horas.

A comisión autonómica de escolarización, á vista desta documentación, valorará as limitacións para poder cursar con aproveitamento as ensinanzas, co obxecto de garantir a eficacia da formación e do posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ao título, e emitirá ditame provisional de escolarización que remitirá a cada centro educativo o día 6 de xullo. Os centros deberán informar de xeito individualizado a cada unha das persoas incluídas na listaxe.

Logo de emitido o ditame provisional de escolarización, pódese presentar reclamación ante o presidente ou a presidenta da comisión autonómica de escolarización nos días 9 e 10 de xullo. O ditame definitivo de escolarización emitirase o día 16 de xullo. Os centros deberán informar de xeito individualizado a cada unha das persoas afectadas.

4. As persoas solicitantes de admisión ao ciclo formativo de grao medio de mergullo a media profundidade serán informadas no momento da inscrición polo centro que imparta o devandito ciclo da data, o lugar e a hora en que se vaia celebrar a proba a que se fai referencia no punto 3 da disposición primeira desta resolución. Os resultados destas probas exporanse antes do 13 de xullo no taboleiro de anuncios do centro.

5. Os centros farán pública o día 4 de xullo a relación provisional de persoas solicitantes no taboleiro de anuncios, ordenada alfabeticamente, con indicación da puntuación conseguida e das opcións de preferencia, que deberá aprobar o consello escolar ou consello social.

Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es/fp>

Establécese un prazo de reclamacións ata o día 10 de xullo ás 13.00 horas.

6. Logo de resoltas as reclamacións presentadas ante o consello escolar ou consello social correspondente, os centros terán de prazo ata o día 10 de xullo ás 14.00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións. O día 16 de xullo farase pública nos taboleiros de anuncios dos centros e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a listaxe definitiva de solicitantes.

7. O día 17 de xullo publicarase no taboleiro de anuncios dos centros educativos e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a primeira relación ordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior, onde aparecerán as persoas solicitantes por orde decrecente de puntuación. Esta relación e as sucesivas elaboraranse a través da aplicación informática de xestión facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e deberaas aprobar en cada centro o consello escolar ou consello social.

8. No prazo abranguido desde o día 17 ao día 19 de xullo ás 13.00 horas deberase matricular ou ben renunciar o alumnado admitido en cada ciclo no centro en que fose adxudicado, segundo os anexos VII e VIII da Orde do 5 de xuño de 2007. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en listaxe de espera nas opcións de maior preferencia. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

Os centros teñen de prazo ata as 14.00 horas do día 19 de xullo para cargaren os datos na aplicación informática.

9. O día 24 de xullo, a comisión autonómica de escolarización publicará a segunda relación ordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior, onde han aparecer as persoas solicitantes por orde decrecente de puntuación.

10. No prazo abranguido desde o día 24 ao día 27 de xullo ás 13.00 horas deberase matricular ou ben renunciar o alumnado admitido en cada ciclo no centro en que fora adxudicado, segundo os anexos VII e VIII da Orde do 5 de xuño de 2007. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en listaxe de espera nas opcións de maior preferencia. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

Os centros teñen de prazo ata as 14.00 horas do día 27 de xullo para cargaren os datos na aplicación informática.

11. Se logo de cada unha das adxudicacións ás que se fai referencia nos puntos 7 e 9 anteriores existisen prazas vacantes e non houbera listaxe de espera, liberaranse as prazas do ciclo formativo ata o 31 de xullo ás 13.00 horas para aquel alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar en calquera momento na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

12. No procedemento de admisión ao segundo curso, os órganos competentes serán os establecidos no artigo 14 da Orde do 5 de xuño de 2007.

13. No caso do alumnado que deba formalizar a matrícula no segundo curso por ter pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo e, de ser o caso, o módulo de proxecto, entenderase a presentación da solicitude como formalización de matrícula, para os efectos de tramitación dos correspondentes convenios para o desenvolvemento do referido módulo.

14. A comisión autonómica de escolarización poderá realizar a acumulación de prazas de acceso mediante proba e por acceso directo a partir da primeira adxudicación do mes de xullo.

*Terceiro. Procedemento de admisión e matrícula no período extraordinario polo réxime ordinario*

1. Os centros que reciban solicitudes de alumnado que acceda con titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español procederán segundo se establece no punto 2 da disposición segunda desta resolución. O prazo para a recepción das solicitudes na Subdirección Xeral de Formación Profesional para proceder ao baremo dos expedientes finalizará o día 12 de setembro ás 13.00 horas.

2. Os centros que reciban solicitudes de alumnado con necesidades educativas especiais ou que acrediten algún tipo de discapacidade procederán segundo se establece no punto 3 da disposición segunda desta resolución.

O prazo para a súa recepción na Subdirección Xeral de Formación Profesional finalizará o día 12 de setembro ás 14.00 horas.

A comisión autonómica de escolarización emitirá ditame provisional de escolarización que remitirá a cada centro educativo o día 14 de setembro. Os centros deberán informar de xeito individualizado a cada unha das persoas incluídas na listaxe.

Logo de emitido o ditame provisional de escolarización, pódese presentar reclamación ante o presidente ou a presidenta da comisión autonómica de escolarización nos días 15 e 17 de setembro. O ditame definitivo de escolarización emitirase o día 19 de setembro. Os centros deberán informar de xeito individualizado a cada unha das persoas afectadas.

3. Os centros farán pública o día 14 de setembro a relación provisional de persoas solicitantes no taboleiro de anuncios, ordenada alfabeticamente, con indicación da puntuación conseguida e das opcións de preferencia, que deberá aprobar o consello escolar ou consello social.

Esta publicación realizarase, así mesmo, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.es/fp>

Establécese un prazo de reclamacións ata o día 17 ás 13.00 horas.

4. Logo de resoltas as reclamacións presentadas ante o consello escolar ou consello social correspondente, os centros teñen de prazo ata o día 17 de setembro ás 14.00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións. A listaxe definitiva de solicitantes farase pública o día 19 de setembro nos taboleiros de anuncios dos centros e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

5. O día 19 de setembro farase pública nos taboleiros de anuncios dos centros e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a primeira relación extraordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior por orde decrecente de puntuación. Esta relación e as sucesivas elaboraranse a través da aplicación informática de xestión facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e deberaas aprobar en cada centro o consello escolar ou consello social.

6. No prazo abranguido entre o día 19 e o día 21 de setembro ata as 13.00 horas, deberase matricular ou ben renunciar o alumnado admitido en cada ciclo no centro en que fose adxudicado, segundo os anexos VII e VIII da Orde do 5 de xuño de 2007. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en listaxe de espera nas opcións de maior preferencia. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederáse á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

Os centros teñen de prazo ata as 14.00 horas do día 21 de setembro para cargaren os datos na aplicación informática.

7. O día 25 de setembro farase pública nos taboleiros de anuncios dos centros e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a segunda relación extraordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior por orde decrecente de puntuación.

8. No prazo abranguido desde o día 25 ao día 27 de setembro ás 13.00 horas, deberase matricular ou ben renunciar o alumnado admitido en cada ciclo no centro en que fose adxudicado, segundo os anexos VII e VIII da Orde do 5 de xuño de 2007. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en listaxe de espera nas opcións de maior preferencia. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederáse á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

Os centros teñen de prazo ata as 14.00 horas do día 27 de setembro para cargaren os datos na aplicación informática.

9. Se logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes ou despois de cada unha das adxudicacións a que se fai referencia nos puntos 5 e 7 existisen prazas vacantes e non houberse lista de espera, liberaranse as prazas do correspondente ciclo formativo para o alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar en calquera momento na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>



10. A comisión autonómica de escolarización poderá realizar a acumulación de prazos de acceso mediante proba e por acceso directo a partir da primeira adxudicación do mes de setembro.

11. O proceso de matriculación neste réxime rematará o día 5 de outubro. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

*Cuarto. Procedemento de admisión e matrícula polo réxime para as persoas adultas nos períodos ordinario e extraordinario, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia*

1. Os prazos de presentación de solicitudes serán os mesmos que os establecidos na disposición primeira desta resolución.

2. No caso do alumnado que acredite algún tipo de discapacidade ou do alumnado con titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español, procederase de acordo co establecido nos puntos 2 e 3 da disposición segunda desta resolución, ou 1 e 2 da disposición terceira desta resolución.

3. As datas de publicación das relacións provisionais do alumnado solicitante, os correspondentes prazos de reclamacións, as datas de publicación das relacións definitivas, as datas de publicación das relacións de persoas solicitantes adxudicadas, así como os prazos de matriculación, serán estes que os establecidos para o réxime ordinario nas disposicións segunda e terceira desta resolución.

4. No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo e, de ser o caso, o módulo de proxecto, entenderase a presentación da solicitude como formalización de matrícula, para os efectos de tramitación dos correspondentes convenios para o desenvolvemento do dito módulo.

5. O alumnado solicitante na modalidade a distancia ou semipresencial xuntará, co correspondente formulario complementario establecido no anexo I A) desta resolución, un enderezo de correo electrónico para os efectos de activación do acceso á plataforma de teleaprendizaxe e comunicacións relacionadas con esta modalidade de formación.

Quinto. *Solicitud de convocatoria extraordinaria*

1. O alumnado que esgotara as convocatorias ás que tiña dereito poderá solicitar a autorización dunha única convocatoria extraordinaria para poder rematar os seus estudos, de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen nos artigos 11 e 12 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

No caso dos centros privados e públicos non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a dirección dará traslado das solicitudes ao centro público a que estea adscrito no prazo máximo de cinco días hábiles.

2. O prazo de presentación de solicitudes de convocatoria extraordinaria abranguerá desde o 18 de xuño ata o 15 de setembro, de acordo co establecido no artigo 12.5 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo, poderá solicitarse en calquera momento do curso académico co fin de efectuar a matrícula no devandito módulo nas condicións establecidas no artigo 6.5 da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. De acordo co artigo 12.4 da citada Orde do 12 de xullo de 2011, logo de concedida a convocatoria extraordinaria, o alumno ou a alumna deberán formalizar a matrícula no ciclo formativo dun centro educativo que teña a condición de liberado para rematar os seus estudos.

Disposición adicional primeira. *Erros no número do documento de identificación*

De detectárense erros na aplicación informática no número do documento de identificación (DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea), poderase solicitar a súa corrección en calquera momento a través de reclamación, segundo o modelo de solicitude do anexo I B) desta resolución e dispoñible na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

A esta solicitude deberáselle achegar unha fotocopia do documento de identificación e deberá estar asinada polo director ou a directora do centro, quen enviará por vía de urxencia a reclamación orixinal presentada na secretaría do centro á Subdirección Xeral

de Formación Profesional. Non cumprirá que o centro realice trámite adicional ningún coa aplicación informática.

Disposición adicional segunda. *Número mínimo de solicitudes de matrícula*

1. De acordo co artigo 19.4º da Orde do 5 de xuño de 2007, a formalización da matrícula nos centros sustentados con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que estea cargado na aplicación informática antes do 13 de xullo un número mínimo de doce solicitudes de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes de primeira opción en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior no réxime ordinario, ou para cada un dos módulos profesionais no réxime para as persoas adultas na modalidade presencial.

2. De acordo co artigo 8.2º da Orde do 5 de novembro de 2010, a autorización da oferta nos centros públicos de módulos profesionais dun ciclo formativo de formación profesional na modalidade a distancia e semipresencial quedará condicionada a que exista un número mínimo de vinte solicitudes de primeira opción antes do 13 de xullo para cada un dos módulos profesionais.

3. Un número menor de solicitudes ao que se refiren os puntos 1 e 2 desta disposición require a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento esta ensinanza, e entanto que non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar matrícula ningunha. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

Disposición adicional terceira. *Modalidades de bacharelato preferentes e materias vinculadas para cada ciclo formativo de grao superior*

1. No caso do acceso a ciclos formativos de grao superior, a relación de modalidades de bacharelato preferentes e materias vinculadas será a que se recolle nos anexos II A) e II B) desta resolución.

2. En relación coa preferencia no acceso a ciclos formativos de grao superior establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as modalidades de bacharelato de tecnoloxía e de ciencias da natureza e da saúde establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, terán a mesma

consideración para os efectos de acceso que a modalidade de ciencias e tecnoloxía establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. En relación coa preferencia no acceso a ciclos formativos de grao superior establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terá a mesma consideración para os efectos de acceso que as modalidades de tecnoloxía e de ciencias da natureza e da saúde establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Disposición adicional cuarta. *Admisión a ciclos formativos de grao medio mediante a acreditación de condicións de acceso directo ao grao superior*

As persoas solicitantes de admisión mediante acceso directo a ciclos formativos de grao medio que en lugar de presentar algunha das titulacións ou estudos superados a que se fai referencia no artigo 5 da citada Orde do 5 de xuño de 2007 presenten directamente un título universitario, un título de técnico superior ou un título de bacharel da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou estudos equivalentes aos anteriores, participarán no proceso de admisión cunha puntuación de cinco puntos, con independencia de que por estas titulacións tivesen unha maior puntuación no caso de solicitar o acceso a ciclos formativos de grao superior.

Disposición adicional quinta. *Constitución de grupos*

Non computará para os efectos de constitución de grupos o alumnado de segundo curso do réxime ordinario que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo e/ou o módulo de proxecto, de ser o caso.

Disposición adicional sexta. *Reserva de prazas para as persoas que cumpran os requisitos de deportista galego ou nacional de alto nivel ou rendemento*

1. De acordo co artigo 9.3 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, todos os ciclos formativos disporán con carácter xeral dun 5 % adicional de prazas reservadas para as persoas que cumpran os requisitos de deportista galego ou nacional de alto nivel ou rendemento.

2. A reserva de prazas a que se fai referencia no punto anterior para o ciclo medio de mergullo a media profundidade realizarase descontando as prazas reservadas respecto do total das prazas ofrecidas. En ningún caso se incrementará o número de prazas ofrecidas.

Disposición adicional sétima. *Prazas vacantes do réxime ordinario*

1. As prazas que resulten vacantes, logo de finalizadas as correspondentes fases de admisión e matrícula polo réxime ordinario, poderán ser ocupadas en réxime de persoas adultas.

2. Para tales efectos, o día 8 de outubro os centros educativos farán pública no taboleiro de anuncios unha relación de todos os módulos profesionais liberados en cada ciclo formativo. A matrícula farase no prazo abranguido entre o 8 e o 11 de outubro, por estrita orde de chegada de solicitudes.

O proceso de matriculación neste réxime rematará o día 11 de outubro. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

Disposición adicional oitava. *Acceso a ciclos superiores mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español*

As persoas que desexen acceder a ciclos superiores mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español consignáraselles a nota media reflectida na credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois. No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación, ou de alegar volante de inscrición condicional, consignaráselles unha nota de cinco puntos.

Disposición adicional novena. *Distribución de prazas no acceso a grao medio*

A distribución dos postos escolares dispoñibles nos centros docentes públicos e nos privados concertados para o acceso aos ciclos formativos de grao medio farase atendendo aos seguintes criterios:

a) O 70% dos postos escolares ofreceráselles ás persoas que cumpran algún dos requisitos para o acceso directo que se recollen nos puntos 1 e 2 do artigo 5 da citada Orde

do 5 de xuño de 2007. No cálculo da cota deste acceso directo estimárase unicamente a parte enteira do 70%.

b) Para o resto de postos escolares:

b.1) As dúas terceiras partes ofreceráselles ás persoas que superaran os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial consonte o establecido no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b.2) A terceira parte restante ofreceráselle a quen teña superada a proba a que se refiren os puntos 3 e 4 do artigo 5 da citada Orde do 5 de xuño de 2007.

Disposición transitoria primeira. *Matriculación no réxime ordinario do alumnado afectado pola implantación dos novos títulos de formación profesional ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

1. O alumnado que, ao remate do curso académico 2011-2012, teña módulos superados dun ciclo formativo establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, non cumpra os criterios de promoción ao segundo curso e se vexa afectado pola entrada en vigor das novas ensinanzas dos títulos a que se fai referencia no anexo III desta resolución, deberá matricularse no primeiro curso das novas ensinanzas, para o cal se aplicará o réxime de validacións establecido no anexo IV do real decreto polo que se estableza o título correspondente.

2. O alumnado que, ao remate do curso académico 2011-2012, teña módulos superados dun ciclo formativo establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e se vexa afectado pola implantación do segundo curso das novas ensinanzas a que se fai referencia no anexo IV desta resolución, deberá matricularse no curso que corresponda das novas ensinanzas, logo da aplicación do réxime de validacións establecido no anexo IV do real decreto polo que se estableza o título correspondente.

3. O alumnado que estivese matriculado e non causase baixa no curso 2011-2012 polo réxime de persoas adultas nun ciclo formativo establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e se vexa afectado pola en-

trada en vigor das novas ensinanzas dos títulos a que se fai referencia no anexo III desta resolución, poderá solicitar praza no segundo curso polo réxime ordinario, sen ter en conta os criterios de promoción, para os efectos de rematar o ciclo formativo que se extingue. En todo caso, o cómputo de duración dos módulos pendentes non pode superar as horas máximas establecidas para a matrícula no réxime de persoas adultas.

Disposición transitoria segunda. *Matriculación no réxime para as persoas adultas do alumnado afectado pola implantación dos novos títulos de formación profesional ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

O alumnado con módulos superados do título correspondente establecido pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que se vexa afectado pola entrada en vigor das novas ensinanzas establecidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a que se fai referencia no puntos primeiro e segundo da disposición transitoria primeira desta resolución, e desexa continuar os seus estudos polo réxime para as persoas adultas, deberá matricularse nas novas ensinanzas con aplicación do réxime de validacións establecido no anexo IV do real decreto polo que se estableza o título correspondente.

Disposición transitoria terceira. *Realización do módulo de formación en centros de traballo en títulos extinguidos*

O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo dun título extinguido establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, poderá cursalo no ano académico 2012-2013 nalgún dos centros educativos que ofreceran o devandito ciclo formativo no curso académico 2011-2012.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación para o curso 2012-2013.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2012

José Luis Mira Lema

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

## ANEXO I A)

**Complemento da solicitude de admisión a ciclos formativos**

(achegar coas solicitudes de réxime para as persoas adultas e de réxime ordinario de grao medio)

<input type="checkbox"/> Réxime para as persoas adultas (risque o que proceda)		
<input type="checkbox"/> Distancia:		
<input type="checkbox"/> Grao medio <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011) <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
<input type="checkbox"/> Grao superior <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
<input type="checkbox"/> Presencial:		
<input type="checkbox"/> Grao medio <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011) <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
<input type="checkbox"/> Grao superior <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
As solicitudes do réxime para as persoas adultas achegadas van ordenadas e numeradas segundo a orde de preferencia que se relaciona:		
	Código centro	Código ciclo
1º		
2º		
3º		
4º		

<input type="checkbox"/> Réxime ordinario de grao medio (risque o que proceda)		
<input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011) <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba.		

Sinatura da persoa solicitante	Sinaturas de titores legais (no caso de menores de idade)
Nome e apelidos:	Nome e apelidos:
DNI:	DNI:
Correo electrónico: (só, incrición de distancia)	

**Director/ora do centro sinalado como primeira preferencia**



*ANEXO I B)***Solicitude de corrección do número do documento de identificación.****Proceso de admisión de alumnado aos ciclos formativos de formación profesional inicial.**

Don/Dona \_\_\_\_\_, que presentou a solicitude para inscribirse/matricularse nos ciclos formativos/módulos de formación profesional inicial no IES/CIFP \_\_\_\_\_ e figura na aplicación informática co seguinte número de DNI/NIE/pasaporte \_\_\_\_\_, solicita a súa corrección e substitución polo número de identificación \_\_\_\_\_, para o que achega fotocopia compulsada deste.

..... de ..... de 201.....

Asinado: .....

Visto e prace: o/a director/ora do centro.

Asinado: .....

**Subdirección Xeral de Formación Profesional**

## ANEXO II A)

**Modalidades preferentes e materias vinculadas do bacharelato para o acceso a ciclos formativos de grao superior establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo**

Familia profesional	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Actividades agrarias	Xestión e organización de empresas agropecuarias	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Ciencias da terra e do ambiente
Actividades físicas e deportivas	Animación de actividades físicas e deportivas	Calquera modalidade de bacharelato	
Actividades marítimo-pesqueiras	Produción acuícola	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Bioloxía
	Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Electrotecnia
Administración	Secretariado	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	Economía e organización de empresas
Artes gráficas	Deseño e produción editorial	Artes. Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Debuxo técnico
	Produción en industrias de artes gráficas	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Tecnoloxía industrial II
Comercio e márketing	Comercio internacional	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	Economía e organización de empresas
	Servizos ao consumidor	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	Economía e organización de empresas
	Xestión comercial e márketing	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	Economía e organización de empresas
	Xestión do transporte	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	Economía e organización de empresas
Comunicación, imaxe e son			
Edificación e obra civil	Realización e plans de obra	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Debuxo técnico
Electricidade e electrónica			
Fabricación mecánica	Óptica de anteollos	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Tecnoloxía industrial II
Hostalaría e turismo	Animación turística	Artes. Humanidades e ciencias sociais.	Segunda lingua estranxeira
Imaxe persoal	Asesoría de imaxe persoal	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	
Industrias alimentarias			
Informática			
Madeira e moble			

Familia profesional	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Mantemento de vehículos autopropulsados	Mantemento aeromecánico	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Electrotecnia. Mecánica.
	Mantemento de aviónica	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Electrotecnia
Mantemento e servizos á produción	Prevenición de riscos profesionais	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais. Tecnoloxía.	
Química	Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Química
	Plásticos e caucho	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Química
	Química ambiental	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Química
Sanidade	Anatomía patolóxica e citoloxía	Ciencias da natureza e da saúde	Bioloxía
	Dietética	Ciencias da natureza e da saúde	Bioloxía
	Documentación sanitaria	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais.	
	Hixiene bucodental	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Bioloxía
	Imaxe para o diagnóstico	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	
	Laboratorio de diagnóstico clínico	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Bioloxía
	Ortoprotésica	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Debuxo técnico
	Radioterapia	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	
	Saúde ambiental	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Ciencias da terra e do ambiente
Servizos socioculturais e á comunidade	Animación sociocultural	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais. Tecnoloxía.	
	Integración social	Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais. Tecnoloxía.	
	Interpretación da lingua de signos	Calquera modalidade de bacharelato	
Téxtil, confección e pel	Curtidos	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Química
	Procesos de confección industrial	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Debuxo técnico
Vidro e cerámica	Fabricación e transformación de produtos de vidro	Ciencias da natureza e da saúde. Tecnoloxía.	Química

## ANEXO II B)

**Modalidades preferentes e materias vinculadas do bacharelato para o acceso a ciclos formativos de grao superior establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**

Familia profesional	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Actividades físicas e deportivas			
Administración e xestión	Administración e finanzas	Humanidades e ciencias sociais.	
Agraria	Xestión forestal e do medio natural	Ciencias e tecnoloxía.	
Artes gráficas			
Artes e artesanías			
Comercio e márketing			
Edificación e obra civil	Proxectos de edificación	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
	Proxectos de obra civil	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
Electricidade e electrónica	Sistemas eletrotécnicos e automatizados	Ciencias e tecnoloxía.	
	Sistemas de telecomunicación e informáticos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Automatización e robótica industrial	Ciencias e tecnoloxía.	
	Mantemento electrónico	Ciencias e tecnoloxía.	
Enerxía e auga	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	Ciencias e tecnoloxía.	
	Enerxías renovables	Ciencias e tecnoloxía.	
Fabricación mecánica	Programación da produción en fabricación mecánica	Ciencias e tecnoloxía.	
	Construcións metálicas	Ciencias e tecnoloxía.	
	Deseño en fabricación mecánica	Ciencias e tecnoloxía.	
	Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros	Ciencias e tecnoloxía.	
Hostalaría e turismo	Xestión de aloxamentos turísticos	Humanidades e ciencias sociais.	
	Axencias de viaxes e xestión de eventos	Humanidades e ciencias sociais.	
	Guía, información e asistencias turísticas	Humanidades e ciencias sociais.	
	Dirección de cociña	Ciencias e tecnoloxía.	
	Dirección de servizos de restauración	Ciencias e tecnoloxía.	
Imaxe persoal	Estética integral e benestar	Ciencias e tecnoloxía.	
	Estilismo e dirección de peiteado	Ciencias e tecnoloxía. Humanidades e ciencias sociais.	

Familia profesional	Ciclos de grao superior	Modalidades de bacharelato	Materias de bacharelato
Imaxe e son	Produción de audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Son para audiovisuais e espectáculos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Iluminación, captación e tratamento de imaxe	Ciencias e tecnoloxía.	
Industrias alimentarias	Vitivinicultura	Ciencias e tecnoloxía.	
	Procesos e calidade na industria alimentaria	Ciencias e tecnoloxía.	
Industrias extractivas			
Informática e comunicacións	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciencias e tecnoloxía.	
	Desenvolvemento de aplicacións multi-plataforma	Ciencias e tecnoloxía.	
	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciencias e tecnoloxía.	
Instalación e mantemento	Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	Ciencias e tecnoloxía.	
	Mecatrónica industrial	Ciencias e tecnoloxía.	
Madeira, moble e cortiza	Deseño e amoblamento	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
Marítimo-pesqueira	Transporte marítimo e pesca de altura	Ciencias e tecnoloxía.	
Química	Química industrial	Ciencias e tecnoloxía.	Química
	Laboratorio de análise e de control de calidade	Ciencias e tecnoloxía.	Química
Sanidade	Audioloxía protésica	Ciencias e tecnoloxía.	
	Próteses dentais	Ciencias e tecnoloxía.	
Seguridade e ambiente	Educación e control ambiental	Ciencias e tecnoloxía.	
Servizos socioculturais e á comunidade	Educación infantil	Humanidades e ciencias sociais.	
Téxtil, confección e pel	Patronaxe e moda	Ciencias e tecnoloxía.	
	Deseño e produción de calzado e complementos	Ciencias e tecnoloxía. Artes.	
Transporte e mantemento de vehículos	Automoción	Ciencias e tecnoloxía.	
Vidro e cerámica	Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos	Ciencias e tecnoloxía.	

## ANEXO III

**Relación de reais decretos de títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos que se inicia a implantación do primeiro curso no ano académico 2012-2013 substituíndo, de ser o caso, os equivalentes establecidos pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo**

– Real decreto 1584/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en administración e finanzas e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 260/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1586/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico en preimpresión dixital e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1575/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico en construción e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1689/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico en obras de interior, decoración e rehabilitación e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 386/2011, do 18 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior en proxectos de obra civil e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 883/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en sistemas de telecomunicación e informáticos e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1581/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en automatización e robótica industrial e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1578/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en mantemento electrónico e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 385/2011, do 18 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior en enerxías renovables e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 882/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en programación da produción en moldeamento de metais e polímeros e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1583/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en animacións 3D, xogos e contornos interactivos e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1686/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1681/2011, de 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en produción de audiovisuais e espectáculos e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1680/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en realización de proxectos audiovisuais e espectáculos e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1682/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en son para audiovisuais e espectáculos e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1588/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico en peiteado e cosmética capilar e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 881/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en estética integral e benestar e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1577/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en estilismo e dirección de peiteado e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1589/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico en mantemento electromecánico e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1576/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en mecatrónica industrial e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 880/2011, do 24 de xuño, polo que se establece o título de técnico en instalación e amoblamento e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1579/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en deseño e amoblamento e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1691/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1687/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en próteses dentais e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 384/2011, do 18 de marzo, polo que se establece o título de técnico superior en educación e control ambiental e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

#### ANEXO IV

**Relación de reais decretos de títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos que se inicia a implantación do segundo curso no ano académico 2012-2013 substituíndo, de ser o caso, os equivalentes establecidos pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo**

– Real decreto 1631/2009, do 30 de outubro, polo que se establece o título de técnico en xestión administrativa e se fixan as súas ensinanzas mínimas (modificado polo Real decreto 1126/2010, do 10 de setembro).

– Real decreto 1129/2010, do 10 de setembro, polo que se establece o título de técnico en xardinaría e floraría e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 259/2011, do 28 de febreiro, polo que se establece o título de técnico superior en paisaxismo e medio rural e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 690/2010, do 20 de maio, polo que se establece o título de técnico superior en proxectos de edificación e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

– Real decreto 1127/2010, do 10 de setembro, polo que se establece o título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados e se fixan as súas ensinanzas mínimas.



- Real decreto 687/2010, do 20 de maio, polo que se establece o título de técnico superior en dirección de cociña e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 688/2010, do 20 de maio, polo que se establece o título de técnico superior en dirección de servizos de restauración e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 452/2010, do 16 de abril, polo que se establece o título de técnico en elaboración de produtos alimentarios e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 451/2010, do 16 de abril, polo que se establece o título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 450/2010, do 16 de abril, polo que se establece o título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 686/2010, do 20 de maio, polo que se establece o título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 1793/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o título de técnico en instalacións frigoríficas e de climatización e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 1792/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o título de técnico en instalacións de produción de calor e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 1128/2010, do 10 de setembro, polo que se establece o título de técnico en carpintería e moble e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 453/2010, do 16 de abril, polo que se establece o título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles e se fixan as súas ensinanzas mínimas.